




Anton Müller: “Home cunha pinga no nariz” entre 1917 e 1922



Jean Dubuffet:  
“Home cunha rosa”, 1949

# AS CABEZAS DE SUENGAS

**Mónica Alonso.** Artista plástica.

O caso de Suengas é excepcional e universal. A primeira vez que vin os seus debuxos de cabezas quedei impresionada: Ao meu recordo viñeron as obras de Jean Dubuffet, quen á súa vez quedou abraiado pola obra de Anton Müller, un esquizofrénico suízo. Dubuffet pinta en 1949 *Home cunha rosa*, un rostro de perfil que alude ás caras de Müller.

En 1949 Dubuffet acuña o termo art brut para referirse as expresións artísticas deixadas polos enfermos mentais. Entendendo estas expresións como instintivas, nadas da necesidade de expresarse en persoas libres das influencias culturais normais. A creación de Suengas pertence ao art Brut.

Suengas debuxou as súas caras por todo o seu entorno, cuarto, corredores, baño, e na peza que se nos presenta, que nos trae a testemuña metalizada e inmortal.

Para completar este texto quero incluír imaxes de Dubuffet e Müller que dan fe do narrado.